

O GALEGO CAMPA
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



UNHA CARREIRA DE REMUDAS

Tipo de actividade:

Actividade de distensión.

Idade: De 9 a 14 anos.

Participantes: Actividade en grupo.

Duración: 30 minutos.

Materiais:

- Poemas recortados e metidos en sobres.
- Cinta adhesiva ou cola.

Obxectivos:

- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.

DESENVOLVEMENTO

Preparamos un pequeno circuítu duns metros de distancia para facer unha carreira de remudas. Na liña de meta teremos uns sobres (tantos sobres como equipos participantes) que conteñen textos recortados en anacos. Os rapaces e rapazas terán que ordenar con sentido o texto e lelo en voz alta ao finalizar a carreira. Para iso, facemos grupos de rapaces e rapazas e colocámoslos por parellas. Na liña de saída as parellas, atadas polos nocellos cun cordón dun zapato ou cunha fita, esperan a orde de saída. Cando o monitor ou a monitora berre “Chimpade!”, as parellas saen correndo, aos chimpos ou saltos, ata a liña de meta onde collen unha das tarxetas do sobre correspondente ao seu grupo, que contén un anaco do texto. A continuación, teñen que regresar á liña de saída, onde pousarán a tarxeta (que recolle alguén do seu grupo) e nese momento sairá outra parella do seu grupo por outra tarxeta do sobre, e así ata que os sobres de cada grupo queden baleiros.

Unha vez rematada a carreira de remudas, o grupo ten que buscar a orde do texto e pegalo nun taboleiro. Gaña o grupo que primeiro recompoña o texto completo de maneira correcta. Cada grupo lerá o texto “recomposto”.

OBSERVACIÓNS

O monitor ou monitora, antes do comezo da carreira, terá que recortar os textos e introducilos en sobres de maneira desordenada. Na liña de saída debe preparar un panel ou habilitar unha parede onde as parellas poidan ir colocando e ordenando os textos. Os grupos podemos identificalos con cores para que collan o seu sobre e que non se enganen. Os textos propostos van nunha folla anexa a esta ficha de actividade.

No web www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa están descargables as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.

UNHA CARREIRA DE REMUDAS

A DURMIR, A ESPERTAR

Era unha vez unha nena que todas as noites, no momento de ir para a cama, se volvía pequerrecha pequerrecha.

–Miña nai –dicía–, son unha formiga.

E a nai comprendía que eran horas de poñela a durmir.

Ao saír o sol, a nena acordaba, pero aínda pequenísima: cabía toda ela no cabezal e sobráballe un cacho aínda.

–Érguete –dicíalle a nai.

–Non podo –respondíalle a nena–, non podo, son aínda demasiado pequena. Agora son coma unha bolboreta. Agarda a que medre.

E ao cabo dun cacho exclamaba:


–Vaia, agora xa medrei.

Cun berriño brincaba do leito e comezaba a nova xornada.



“Contos ao teléfono”

Gianni Rodari



UNHA CARREIRA DE REMUDAS

O SOL E A NUBE

O sol viaxaba no ceo, ledó e glorioso no seu carro de lume, lanzando os seus raios en todas as direccións, con forte rabia para unha nube de humor tempestuoso, que rosmaba:

–Malgasta, malgasta os teus raios, xa verás o que che queda.

Nas vides, cada bago de uva que madurecía na súa vidra roubaba un raio por minuto, e ata dous; e non había argazo de herba, nin araña, nin flor, nin gota de auga que non collese a súa parte.

Deixa, deixa que todos rouben: verás como cho han agradecer cando xa non che quede cousa que che poidan roubar.

Pero o sol continuaba alegremente a súa viaxe, regalando raios a millóns, a billóns, sen contalos.


Só ao solpor contou os raios que lle quedaban e, mira ti por onde, non lle faltaba nin sequera un.

A nube, coa sorpresa, desfíxose en sarabia. E o sol mergullouse alegremente no mar.



“Contos ao teléfono”

Gianni Rodari



A ESTRADA DE CHOCOLATE

Tres irmanciños de Barletta, dunha vez que foron camiñar polo monte, bateron cunha estrada lisiña, lisa, e completamente marrón.

–El que será? –preguntou o primeiro.

–Madeira non é –dixo o segundo.

–Non é carbón –dixo o terceiro.

Para sabéreno axiña, axeonlláronse os tres e déronlle cadansúa lambedela.

Era chocolate! Era unha estrada de chocolate!

Deron en comer un bocado e logo outro. Chegou a noite e os tres irmanciños aínda seguían alí, a papar o camiño de chocolate, ata que non quedou nin sequera un anaco.

Non quedaba nin chocolate nin estrada.

–E onde estamos? –preguntou o primeiro.

–Non estamos en Bari –dixo o terceiro.

Non sabían o que facer. E, por fortuna, apareceu polo lugar un labrego co seu carriño.


–Levareivos á casa –dixo o labrego.

E levounos a Barletta, ata a porta da casa deles. Pero ao baixaren do carro decatáronse de que este estaba feito todo de biscoito.

E, sen diciren cousa ningunha, puxéronse a comelo e non deixaron nin as rodas nin o cheiro. Tres irmanciños con tanta sorte nunca os houbera en Barletta. E quen sabe cando os volverá haber!

“Contos ao teléfono”

Gianni Rodari



O GALEGO CAMPA

O HOME DE MANTEIGA

Xoanciño Perdedía, gran viaxeiro e famoso explorador, chegou un certo día ao país dos homes de manteiga.

Estes, ao estaren ao sol, derretíanse, polo que tiñan que estar sempre ao fresco e vivían nunha cidade na que, en lugar de casas, había frigoríficos.

O Xoanciño paseaba polas rúas e víaos debruzados nas fiestras dos seus frigoríficos, cunha bolsa de xeo na cabeza.

Na portuña de cada frigorífico había un teléfono para falar co inquilino.

–Si.

–Diga.

–Con quen falo?

–Son o rei dos homes de manteiga. Todos de nata de primeira calidade. Leite de vaca suíza.

Reparou ben no meu frigorífico?

–Arre demo, é de ouro macizo. Pero non sae nunca de aí?

–No inverno, cando vai frío bastante, nun automóbil de xeo.

–E se por acaso sae de improviso o sol de entre as nubes mentres a súa maxestade dá o seu paseo?

–Non pode, non está permitido. Faríao encadear polos meus soldados.

–Buum! –exclamou Xoanciño. E andou para outro país.

“Contos ao teléfono”

Gianni Rodari

